



Concello de Folgoso do Courel

**DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN  
DE XESTIÓN DE BIOMASA**

MVMC DE HORREOS  
LUGAR HORREOS  
FOLGOSO DO COUREL  
27328 - FOLGOSO DO COUREL

Expediente: d2a1 A

A Lei 3/2007 de incendios, aprobada polo Parlamento de Galicia, ten como un dos seus obxectivos principais a protección contra o lume da poboación, das infraestruturas e das instalacións agrarias.

Esta lei e o Plan Municipal que a desenvolve definen unhas faixas arredor das edificacións e infraestruturas ("redes de faixas secundarias") nas que:

- é obrigatorio manter a "biomasa xestionada", é dicir os sitios rozados,
- non poderá haber determinadas especies de árbores (eucalip-tos, piñeiros, mimosas, acacias...)
- os pés do resto das especies arbóreas deberán estar podados e non estar moi bastos

O ano pasado enviáronse bandos informativos a todas as parroquias do concello cun plano no que se identificaban as parcelas que, naquel momento, incumprían a Lei de incendios.

Tras unha nova inspección, realizada polos servizos da Xunta de Galicia (SEAGA) no mes de outubro, detectouse que a seguinte parcela, da súa titulari-dade, incumpre estas obrigas:

|                                      |            |
|--------------------------------------|------------|
| Referencia catastral                 | [Redacted] |
| Identificación da persoa responsable | [Redacted] |
| Provincia                            | [Redacted] |
| Concello                             | [Redacted] |
| Parroquia                            | [Redacted] |
| Polígono                             | [Redacted] |
| Parcela                              | [Redacted] |

Comunicáselle que dispón dun prazo máximo de 15 días naturais para o cumprimento voluntario (ou, en todo caso, antes do 31 de maio, segundo a Lei de incendios da Xunta de Galicia) para xestionar a biomasa na parcela citada, que se iniciará o día seguinte ao da recepción desta notificación.

Concello de Folgoso do Courel

Praza Manuel Fraga Iribarne s/n, Folgoso do Courel. 27325 (Lugo). Tfno. 982433001. Fax: 982433052

Dilixencia Castro Castro (1 para 1)  
Alcalde de Folgoso do Courel  
Data de emisión: 04/02/2007  
FAX: 982433052  
Tfno: 982433001



## Concello de Folgoso do Courel

---

No caso de continuar incumprindo tras ese prazo o concello poderá executar os traballos e repercutirle os gastos ao responsable, así como comisar as árbores prohibidas. A Xunta de Galicia poderá instruír o procedemento sancionador que corresponda.

Se ao recibir esta notificación a parcela xa cumpre coa lei, ou vostede non é propietario real, así como para ter máis información, pode solicitar cita previa co técnico municipal de xestión de biomasa chamando ás oficinas municipais (982 43 30 01).

Dolores Castro Ochoa  
ALCALDESA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL  
(documento asinado dixitalmente á marxe)

### Referencias legais

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia